

## DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA  
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A  
MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA  
ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA NOVA LICITACIÓN DO  
CONTRATO RELATIVO Á PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO E  
CONSERVACIÓN INTEGRAL DAS ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS EXISTENTES NA  
CIDADE DE LUGO, ADXUDICADO Á MERCANTIL LAPPSET ESPAÑA SL.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 10-2024, por un importe total de 90.000,00 €, dentro do vixente orzamento municipal do 2024, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da nova licitación do contrato relativo á prestación do servizo de mantemento e conservación integral das áreas de xogos infantís existentes na cidade de Lugo, adxudicado á mercantil LAPPSET ESPAÑA, S.L., cun prezo de contrato insuficiente para dar cobertura ás necesidades actuais, e na actualidade atopándose caducado, según se pon de manifesto polo Tenente de Alcaldesa Delegado da área de Transición Ecolóxica, Miguel Fernández Méndez, e vista a insuficiencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 17100.22799 a nivel de vinculación xurídica solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2024/395, de data 19.03.2024 así como os RCMOD núms: 2024/17616, 2024/17620 e 2024/17623 de data 15.03.2024, por importe de 90.000,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 90.000,00 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
13200.12001 13200.12003 13200.12100	12.725,00 67.546,00 9.729,00	17100.22799	90.000,00

**Intervención**

CCG/lrb

Refª: ispac6171993891453548284.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 10-2024 Novo contrato mantemento areas xogos infantís.

TOTAL CRÉDITO CEDIDO	90.000,00	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	90.000,00
-------------------------	-----------	-----------------------------------	-----------

**SEGUNDO.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.